



**CONCELLO DE BUEU**  
**DEPARTAMENTO SECRETARÍA**  
RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf.: P/S/C60-15

Providencia de incoación

Asto.: Incoación do procedemento de contratación do servizo de colaboración na xestión tributaria, censal, inspectora e recadatoria e na xestión dos expedientes sancionadores en materia de tráfico do concello de Bueu.

O concello de Bueu, no exercizo da súa potestade tributaria e financeira recoñecida no artigo 4.1.b da Lei 7/85 de Bases do réxime local, realiza entre outros a xestión íntegra e a inspección de todos os tributos, prezos públicos e demais ingresos de dereito público.

O concello ten actualmente contratados os servizos complementarios de colaboración e asistencia técnica, material e informática na xestión tributaria, censal, inspectora e recadatoria tanto en período voluntario como executivo da totalidade dos ingresos municipais de dereito público, así como a colaboración e asistencia en materia de xestión catastral a través de contrato formalizado con SCI SERVICIOS DE COLABORACION INTEGRAL S.L en data 30.5.2012.

Considerando que o contrato remata o vindeiro 30 de maio de 2016, logo da prórroga de dito contrato administrativo, mediante acordo adoptado pola Xunta de goberno local, na sesión ordinaria celebrada o 07.03.2014, faise necesario prever con antelación a prestación dos citados servizos. Asemade considerando a necesidade de mellorar a xestión na tramitación dos expedientes sancionadores en materia de tráfico que precisan dun adecuado seguimento e control, é preciso engadir ó obxecto do contrato as tarefas relativas ó apoio na xestión dos citados expedientes ante as dificultades técnicas e de desenvolvemento doutras tarefas por parte da Policía Local.

Logo da memoria da Concellería delegada de Facenda xustificativa da necesidade de contratar os servizos complementarios de xestión tributaria e outros de data 14.10.2015 , por mor da insuficiencia de medios persoais e materiais no departamento municipal de Tesourería para a prestación directa do servizo (aplicacións informáticas adecuadas, espacio físico, persoal de atención ó público, asistencia en convenio de colaboración suscrito co Catastro, etc. ) tal e como, de forma reiterada, queda constatado polos Tesoureiros do concello en anos pasados

Considerando que o contrato de servizos de "COLABORACION NA XESTION TRIBUTARIA, CENSAL, INSPECTORA E RECADATORIA DO CONCELO DE BUEU adxudicado a SCI SERVICIOS DE COLABORACION INTEGRAL S.L, con CIF B-96.067.400, mediante Resolución de Alcaldía de 29.5.2012, formalizado en documento administrativo asinado con data 30.5.2012 e prorrogado mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 7.3.2014, remata o vindeiro 30.5.2016 e considerando a necesidade e idoneidade do contrato e a eficiencia da contratación do servizo de referencia en base aos antecedentes relacionados nesta providencia, cuxa constatación documental queda incorporada como anexos á presente providencia, en cumprimento do artigo 22 do Real decreto legislativo 3/2011,

Iníciase o correspondente procedemento de contratación, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, de acordo co seguinte cadro de características, ordenando a emisión dos preceptivos informes de Secretaría e de Intervención municipal, así como a incorporación ao expediente dos trámites seguidos

I. OBXECTO DO CONTRATO:

Ref. S/C/60-15	Órgano xestor: Xunta de goberno Local	Cód. DIR 3:L01360046
	Unidade tramitadora: Secretaria	Cód. DIR 3:L01360046
	Oficina contable: Intervención	Cód. DIR 3:L01360046
	Órgano destinatario do obxecto contrato: Tesourería do concello principalmente	
Título: SERVICIO DE COLABORACIÓN NA XESTIÓN TRIBUTARIA, CENSAL, INSPECTORA E RECADATORIA E NA XESTIÓN DOS EXPEDIENTES SANCIONADORES EN MATERIA DE TRÁFICO DO CONCELLO DE BUEU.		



**CONCELLO DE BUEU**  
**DEPARTAMENTO SECRETARÍA**  
RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

CPV: 75000000-6	CNAE: 84.11	Categoría (anexo II TRLCSP): 27
-----------------	-------------	---------------------------------

## II. PREZO E FORMA DE PAGO

VALOR ESTIMADO	SIN IVE	IVE (21%)	CON IVE
01 ANO	127088,45€	26688,57€	153777,02€
02 ANOS (DUR. CONT.)	254176,90€	53377,14€	307554,05€
04 ANOS (DUR. CONT. +PRÓRROGAS)	508353,80€	106754,30€	615108,10€

APLICACIÓN ORZAMENTARIA: 932/22708 "Xestión do Sistema Tributario. Servizos de Recadación" do orzamento.	
FINANCIACIÓN: A prestación obxecto da contratación financiarase con cargo aos recursos propios da facenda municipal.	
FORMA DE PAGO: Pago parcial de periodicidade mensual	
FORMA DE DETERMINACIÓN DO PREZO: Resulta do derradeiro exercicio completo de execución do contrato, tendo en conta o efecto da baixada do tipo impositivo do IBI para 2016 do 0,6 ó 0,45, o mantemento do tipo impositivo do resto de impostos e taxas así coma a dedución na fila de cobros en voluntaria dos importes cobrados en concepto de multas de tráfico (que pasan a ter unha retribución específica).	
FACTURACIÓN ELECTRÓNICA: Presentación de facturas a través do punto xeral de entrada de facturas establecido para o concello de Bueu nos termos previstos no artigo 4º da lei 25/2013.	CÓDIGOS DIR 3: Publicados no BOP núm. 6 de 12.1.2015 e na web municipal

## III. DURACIÓN

PRAZO DE EXECUCIÓN: 2 ANOS
PREVISIÓN DE PRORROGAS: SI
DURACIÓN DAS PRORROGAS: Dous anos
PRAZO MÁXIMO DURACIÓN CONTRATO INCLUIDAS PRORROGAS: 4 Anos

## IV. PROCEDEMENTO E TRAMITACIÓN

PROCEDEMENTO: Aberto con pluralidade de criterios de acordo co 150.3 del TRLCSP.	TRAMITACIÓN: Ordinaria
SUXETO A REGULACIÓN HARMONIZADA: Non	VARIANTES/MELLORAS: Non
REVISIÓN PREZOS: Non	
TRAMITACIÓN ANTICIPADA DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN: o inicio do servizo non poderá ser anterior ao 30.05.2016 toda vez que o contrato regulado nos presentes pregos trae causa do remate, o vindeiro 31 de maio de 2016, do contrato administrativo de servizo de colaboración na xestión tributaria, censal, inspectora e recadatoria do concello de Bueu, formalizado entre o concello de Bueu e "SCI, SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L." con data 30.05.2015	

## V. PROPOSICIÓNS

LICITACIÓN ELECTRÓNICA (posibilidade de presentación de ofertas por medios electrónicos): Non se admite
TABOLEIRO DE ANUNCIOS ELECTRÓNICO (medio electrónico de comunicación de defectos u omisións subsanables na documentación presentada: SI. A través do Perfil de contratante da web municipal
COMUNICACIÓNS E NOTIFICACIÓNS: Uso preferente de FAX e/ou CORREO ELECTRÓNICO previa autorización do licitador
ACCESO AO EXPEDIENTE: No perfil de contratante do concello de Bueu ao que se accede a través do portal da web municipal ( <a href="http://www.concellodebueu.org">www.concellodebueu.org</a> )
DÚBIDAS E ACLARACIÓNS AOS PCAP/PPT: Formulación mediante correo electrónico dirixido á dirección



**CONCELLO DE BUEU**  
**DEPARTAMENTO SECRETARÍA**

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

[contratacion@concellodebueu.org](mailto:contratacion@concellodebueu.org), cunha antelación mínima de 48 horas ao remate do prazo de presentación de solicitudes de participación.

**PUBLICIDADE DA RESOLUCIÓN DAS DÚBIDAS E ACLARACIÓNS AOS PCAP/PPT:** Anuncio no taboleiro de anuncios do concello (planta baixa da casa consistorial) e no Perfil de contratante da web municipal garantindo o anonimato da persoa física ou xurídica que formula a consulta e notificación individualizada da resolución ao consultante por correo electrónico.

**SUBSTITUCIÓN DA ACREDITACIÓN INICIAL DO CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓNS PARA CONTRATAR POR DECLARACIÓN RESPONSABLE:** Si (anexo II dos PCAP)

#### VI. REQUISITOS DE SOLVENCIA

##### CERTIFICADO DE CLASIFICACIÓN ADMINISTRATIVA

Como contratista de servizos referente ao obxecto da presente licitación expedido pola xunta consultiva de contratación administrativa do Estado ou polo rexistro de contratistas e subcontratación da Xunta de Galicia do seguinte xeito:

**grupo L, subgrupo 2, categoría A**

#### VII. RÉXIME DE GARANTÍAS

GARANTIA PROVISIONAL: non esixible	GARANTÍA DEFINITIVA: esixible
PRAZO DE GARANTÍA DEFINITIVA: DOUS (02) ANOS	
FORMALIZACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA: Mediante retención do prezo ou en calquera das formas admitidas no artigo 96-TRLCSF e nos artigos 55, 56, 57 e 58 do RXLCAP	
IMPORTE GARANTÍA DEFINITIVA: 5% do prezo de adxudicación	

#### VIII. SUBCONTRATACIÓN

POSIBILIDADE DE SUBCONTRATACIÓN: SI

#### IX. RESPONSABLES DO CONTRATO

**RESPONSABLES DO CONTRATO:** Tesoureiro/a do concello e o adxunto á Tesourería do concello, indistintamente. Facultades de inspección e vixilancia do Concello a través da Intervención e Tesouraría e os servizos complementario de colaboración e asistencia técnica, material e informática na xestión administrativa dos expedientes sancionadores en materia de tráfico exerceranse baixo a supervisión, dirección, organización, administración e autoridade da xefatura da Policía Local.  
En relación aos servizos en materia de xestión catastral do IBI, exerceranse baixo a supervisión, dirección, organización, administración e autoridade do Departamento de urbanismo, medio ambiente e actividade de supervisión consonte a "Estructuración dos órganos administrativos. Postos adscritos" do concello de Bueu asinado polo alcalde con data 24.01.2012.

#### X. PENALIDADES

PENALIDADES: Si (calcularanse sobre o prezo de adxudicación)

Por Incumplimento leve: 2%	Por Incumplimento grave: 5%	Por Incump. moi grave: 10%
----------------------------	-----------------------------	----------------------------

Xúntase proposta de pregos reguladores da contratación e de prescricións técnicas e iniciase o procedemento de contratación de referencia mediante o requirimento da fiscalización da intervención consonte o esixido polo artigo 109.3 do TRLCSF e a emisión do correspondente informe xurídico da secretaria municipal.

Bueu, 14 de outubro de 2015  
O alcalde



**CONCELLO DE BUEU**

**DEPARTAMENTO SECRETARÍA**

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Félix Juncal Novas